

Luns, 29 de maio de 2017

Núm.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CUNTIS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PUBLICACIÓN BASES I PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS OLIMPIO ARCA

I PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS OLIMPIO ARCA

O Concello de Cuntis convoca o I Premio de Investigación Olimpio Arca, coa dupla intención de conmemorar e de homenaxear a figura de quen foi unha personalidade sobranceira da cultura galega polas súas contribucións aos ámbitos da escola, a etnografía, a literatura, así como pola recuperación do Patrimonio; motivo polo que cómpre ser recordado como un exemplo polo seu compromiso coas causas da instrución e da cultura. O Premio desenvolverase de acordo coas seguintes BASES:

PRIMEIRA. Poderán concorrer ao Premio todas as persoas maiores de 18 anos con independencia do seu lugar de procedencia.

SEGUNDA. Os traballos que se presenten deberán de estar escritos en lingua galega.

TERCEIRA. Os traballos deberán de ser orixinais e inéditos e a súa extensión non será superior a 30 folios. Presentaranse mecanografados en letra tipo Times New Roman, corpo 12 a dobre espazo por ambas as caras do folio.

CUARTA. Os traballos versarán sobre os ámbitos das ciencias sociais e as humanidades (arqueoloxía, etnografía, historia, filoloxía, literatura, etc.) de temática galega e terán que supoñer unha achega orixinal e novidosa ao coñecemento de calquera das disciplinas obxecto da convocatoria.

QUINTA. Os traballos poderán acompañarse de cantos materiais fotográficos e audiovisuais que sirvan para ilustrar suficientemente o texto.

SEXTA. Os traballos poderán enviarse por correo postal ao seguinte enderezo: I Premio de Investigación Olimpio Arca. Casa do Concello de Cuntis. Praza da Constitución nº4, 36670, Cuntis. Para os efectos de recepción dos traballos, terase en conta, na modalidade de envío postal, a data impresa sobre o selo. Tamén poderán ser depositados nas oficinas do Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 13:30.

SÉTIMA. Xunto co traballo en sobre lacrado (3 copias) identificado co lema autorizado, presentarse a solicitude cuxo modelo publicárase no ANEXO I desta convocatoria, solicitando participar no concurso, conforme os requisitos esixidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de

Código seguro de verificación: CZGK7B9VTFYFYZJSO



Luns, 29 de maio de 2017

Núm.

novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, polo que a autora ou autor aportará a seguinte documentación:

- a) Datos persoais do autor ou autora, domicilio, teléfono, fax, e-mail, etc. Farase constar expresamente o domicilio válido a efectos de notificación.
- b) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) da autora ou autor.
- c) Currículo Vitae do autor ou autora que remite o traballo.
- d) Declaración asinada aceptando expresamente as bases e condicións do Premio, garantindo que a obra non se atopa pendente de fallo de ningún outro Premio e que a autora ou autor ten, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas diferentes modalidades sobre a súa obra. Farase constar, así mesmo, que o traballo presentado non se publicou, foi exposto ou difundido dalgún outro modo en Galicia, España e no estranxeiro. (ANEXO II)
- e) Declaración asinada de non incorrer nas situacións previstas no artigo 13.2 da Lei 28/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (ANEXO II)
- f) Declaración asinada de non ter obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao establecido no artigo 25 do Regulamento de Subvencións aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. (ANEXO II)

Nos envíos por correo electrónico deberase consignar na caixa do Asunto “I Premio de Investigación Olimpio Arca”, e incluíranse como documentos adxuntos o traballo e a documentación anteriormente indicada, todos en formato PDF.

OITAVA. O prazo de presentación dos traballos será o venres 29 de setembro de 2017.

NOVENA. Conforme ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas y do Procedemento Administrativo Común, se a solicitude non cumpre cos requisitos esixidos na convocatoria, requirirase á persoa interesada para que nun prazo máximo de DEZ DÍAS NATURAIS, subsane as faltas ou aporte a documentación requirida. A non presentación dos traballos xunto coa solicitude non se considerará un requisito subsanable.

DÉCIMA. XURADO.

- a) O xurado estará composto polos seguintes membros:
 - Presidenta: María del Mar Llinares García (Profesora Titular de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela).
 - Vogais:
 - 1º Vogal: Héitor Picallo Fuentes. Investigador. Membro da Plataforma Veciñal pola Recuperación do Patrimonio Termal.
 - 2º Vogal: Mercedes Queixas Zas. Representante da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).



Luns, 29 de maio de 2017

Núm.

3º Vogal: Carlos Valle. Director do Museo de Pontevedra.

4º Vogal: Mónica Arca (Filla de Don Olimpio Arca Caldas).

5º Vogal: Gregorio Ferreiro Fente. Representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

6º Vogal: Jesús Martín Carrasco. Profesor de Xeografía e Historia do CPI Don Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis.

— Secretario (con voz pero sen voto): José Enrique Portela Pisos. Concelleiro de Cultura e Patrimonio do Concello de Cunis.

b) O xurado resolverá todos aqueles aspectos non contemplados nestas bases que puideran xurdir durante a deliberación e o proceso de concesión do premio.

c) O xurado reunirse para falar o premio na data convocada a tal efecto.

UNDÉCIMA. Criterios de valoración. Valorarase entre outras cuestións, a orixinalidade e a metodoloxía empregadas, así como a base empírica ou a coherencia interna.

DUODÉCIMA. Premio e contía.

- PREMIO ÚNICO: 1500 €

Este premio está suxeito ás oportunas retencións por IRPF.

DÉCIMO-TERCEIRA. A resolución e fallo definitivo do xurado ditarase e notificarase antes do 31 de outubro de 2017.

DÉCIMO-CUARTA. Entrega do premio. A entrega do premio terá lugar nun acto público, convocado ao efecto, ao cal se lle dotará da transcendencia, solemnidade e publicidade adecuadas.

DÉCIMO-QUINTA. Obrigas das persoas participantes.

a) As persoas participantes deberán comprometerse, no propio escrito de presentación do premio, a ceder, de forma exclusiva, os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública dunha primeira edición, para poder proceder á publicación e exposición dos traballos premiados. Este compromiso non implica a cesión ou limitación dos dereitos de propiedade intelectual das autoras ou autores deses traballos.

b) Os traballos non premiados serán devoltos a petición das persoas participantes nun prazo de dous meses, unha vez publicado o fallo do Xurado. Finalizado este prazo, os traballos pasarán a formar parte dos fondos documentais do Concello de Cuntis.

c) Os traballos premiados pasarán directamente a integrarse nos fondos documentais do Concello de Cuntis.

DÉCIMO-SEXTA. Estas bases publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, nas Redes Sociais e no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO-SÉTIMA. A participación no certame implica a plena aceptación das bases.



Luns, 29 de maio de 2017

Núm.

ANEXO I

CONCELLO DE CUNTIS	Registro
I PREMIO DE INVESTIGACIÓN OLIMPIO ARCA	

SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:
DOMICILIO:
D.N.I.:
FAX:

EXPÓN:

Que ante a convocatoria do I Premio de Investigación Olimpio Arca,

SOLICITA:

Que se admita a súa presentación en dito concurso, conforme os requisitos esixidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. O autor/autora aporta a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do autor ou autora.
- Currículo Vitae da autora ou autor que remite o traballo.
- Declaración asinada aceptando expresamente as bases e condicións do Premio, garantindo que a obra non se atopa pendente de fallo de ningún outro Premio e que o autor ou autora ten, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas diferentes modalidades sobre a súa obra. Farase constar, así mesmo, que o traballo presentado non se publicou, exposto ou difundido dalgún outro modo en Galicia, España e no estranxeiro. (ANEXO II)
- Declaración asinada de non incorrer nas situacións previstas no artigo 13.2 da Lei 28/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (ANEXO II)
- Declaración asinada de non ter obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao establecido no artigo 25 do Regulamento de Subvencións aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. (ANEXO II)

Lugar e data,

Sinatura,

**SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, TURISMO, COMERCIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA,
EDUCACIÓN E XUVENTUDE DO CONCELLO DE CUNTIS**

Código seguro de verificación: CZGK7B9VTFYFYZJSO



Luns, 29 de maio de 2017

Núm.

ANEXO II

CONCELLO DE CUNTIS

I PREMIO DE INVESTIGACIÓN OLIMPIO ARCA

SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:
DOMICILIO:
D.N.I.:
FAX:

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

Que acepta expresamente as bases e condicións do Premio, garantindo que a obra non se atopa pendente de fallo de ningún outro Premio e que a autora ou autor ten, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas diferentes modalidades sobre a súa obra. Farase constar, así mesmo, que o traballo presentado non se publicou, foi exposto ou difundido dalgún outro modo en Galicia, España e no estranxeiro.

Que non incorre nas situacións previstas no artigo 13.2 da Lei 28/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que non ten obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao establecido no artigo 25 do Regulamento de Subvencións aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Lugar e data,

Sinatura,

Código seguro de verificación: CZGK7B9VTFYFYZJSO

